Asociación Galega
Empresa Familiar

NOTA DE PRENSA

Jealsa incentiva e contrata profesionais formados en Galicia

Jesús Alonso Escurís, presidente de Jealsa, durante a charla. Foto: Punto GA | M.Riopa

- **2.500 estudantes visitan 30 das principais empresas galegas**
- **4ª edición do programa creado pola Obra Social ABANCA e Agef**
- **Jesús Alonso: "Fabricamos 1.500 millóns de conservas ao ano"**

80 estudantes aprenden os segredos de Jealsa. Oitenta rapaces do instituto Félix Muriel de Rianxo coñeceron hoxe as claves do funcionamento dunha das máis importantes conserveiras de España, visitando a planta de Jealsa no Bodión (Boiro). Guiados polos directivos da compañía, os alumnos forman parte do programa *Empresa Familiar nas aulas*, impulsado por Afundación Obra Social ABANCA e a Asociación Galega da Empresa Familiar (Agef). A iniciativa percorre este ano 18 das principais empresas galegas.

7 de febreiro 2024. O grupo Jealsa emprega a 4.000 profesionais (2.500 empregos en Galicia) e está integrado maioritariamente por galegos e formados en Galicia. O presidente de Jealsa, Jesús Alonso Escurís, indica que a súa compañía contrata

manuelvsola@puntoga.com | julia.alvarez@puntoga.com
986 119 298 | **628 274 100**

anualmente 50 persoas, fundamentalmente mozas e mozos de elevada formación e con dispoñibilidade para moverse. "As empresas familiares temos raíces e preocupámonos por crear riqueza na contorna onde nacemos", sinalou o presidente de Jealsa diante dos 80 alumnos de ESO, bacharelato e FP do instituto de Rianxo.

A empresa e o IES Félix Muriel participan no programa *Empresa familiar nas aulas*, organizado pola Asociación Galega da Empresa Familiar (Agef) e Afundación Obra Social ABANCA, que ten por obxectivo fomentar a formación e o emprendemento entre os mozos galegos.

Jesús Alonso subliñou a importancia da formación para comezar unha carreira profesional, tanto no camiño do emprego asalariado como no do emprendemento.

Empresa Familiar nas aulas achega os principais empresarios galegos aos colexios e institutos de toda Galicia, coa participación de máis de 2.500 estudantes e 30 empresarios galegos de primeiro nivel. As mozas e mozos galegos xa teñen elaborado e presentado 18 proxectos empresariais co obxectivo de emprender novos negocios.

"Aprendín do meu pai que a prioridade dunha empresa é a supervivencia. As empresas familiares galegas vivimos aquí e contratamos aquí, como a nosa, dende 1958", explicou o presidente de Jealsa. A firma galega é hoxe unha corporación formada por 27 sociedades integradas en 3 divisións de negocio (alimentación, valorización e enerxía).

Jealsa produce 1.500 millóns de latas de conservas anuais, un 45% de toda a produción conserveira española de peixes e mariscos. O grupo está experimentando tamén un forte crecemento na súa división Valorización, coa fabricación de alimentos para mascotas e produtos para cosmética e farmacia a partir dos descartes e restos da alimentación humana.

Afundación Obra Social ABANCA e Agef impulsan o programa *Empresa Familiar nas aulas* que procura fomentar o emprendemento nos centros educativos a través da charla dun empresario no colexio participante e a visita do alumnado a unha grande empresa da súa contorna. Durante o presente curso organízanse clases de 18 empresarios en 18 centros educativos de toda Galicia, as visitas escolares ás empresas e un programa titorizado para que os estudantes presenten proxectos empresariais elaborados por eles.

manuelvsola@puntoga.com | julia.alvarez@puntoga.com
986 119 298 | **628 274 100**